

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

654 *Real decreto 2130/2008, do 26 de decembro, polo que se regula o procedemento para aplicar as deducións correspondentes á dispensación de medicamentos de uso humano con cargo ás mutualidades de funcionarios.*

O artigo 16 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, establece que a prestación de asistencia sanitaria comprende a prestación farmacéutica.

Por outro lado, o artigo 13 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, establece que a prestación de asistencia sanitaria comprende a prestación farmacéutica.

Pola súa parte, o artigo 16 do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, establece igualmente que a prestación de asistencia sanitaria comprende a prestación farmacéutica.

A partir da aprobación do Real decreto lei 5/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de contención do gasto farmacéutico, viñéronse sucedendo axustes normativos con obxecto de actualizar os descontos e as deducións aplicables nas marxes de dispensación dos medicamentos de uso humano en oficinas de farmacia co fin de conter o crecemento do gasto público sanitario.

Na actualidade, e en desenvolvemento do establecido no artigo 90.1 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantía e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, o Real decreto 823/2008, do 16 de maio, polo que se establecen as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensación de medicamentos de uso humano, dispón no artigo 2.3 que as marxes das oficinas de farmacia correspondentes ás receitas de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente dispensados con cargo a fondos públicos se establecerán aplicando á factura mensual de cada oficina de farmacia por estas receitas unha escala de deducións calculada de acordo co establecido no número 4 seguinte do mesmo artigo.

O artigo 2.5 prevé que o Goberno regulará o procedemento para aplicar o cálculo da referida facturación mensual das farmacias cando se trate de medicamentos dispensados con cargo á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), á Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU) e ao Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).

Así, procédese a regular esta materia con base nas disposicións legais precedentemente citadas e na norma regulamentaria aludida, que habilitan o Goberno para acometer a regulación do mencionado procedemento.

Durante o proceso de elaboración deste real decreto foron oídas as corporacións profesionais interesadas.

Sobre este real decreto emitiu informe a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Administracións Públicas, de Xustiza e de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPOÑO:

Artigo 1. Procedemento para aplicar as deducións sobre as marxes das oficinas de farmacia na facturación de medicamentos con cargo ás mutualidades de funcionarios.

1. As marxes das oficinas de farmacia correspondentes ás receitas de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente e dispensados con cargo á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, á Mutualidade Xeral Xudicial e ao Instituto Social das

Forzas Armadas estableceranse, de acordo co anexo deste real decreto, aplicando á facturación mensual de cada oficina de farmacia por esas receitas, conxuntamente consideradas, a seguinte escala de deducións:

Vendas totais a PVP IVE ata – Euros	Dedución – Euros	Resto ata – Euros	Porcentaxe aplicable
945,97	0,00	1.275,01	8,00
1.275,01	26,32	1.706,87	9,40
1.706,87	66,92	3.516,55	10,90
3.516,55	264,17	6.087,13	13,50
6.087,13	611,20	8.637,15	14,50
8.637,15	980,95	En diante	15,00

2. A facturación mensual a que se refire o número anterior calcularase en termos de prezo de venda ao público incrementado co imposto sobre o valor engadido (IVE). Respecto das presentacións de medicamentos con prezo de venda de laboratorio superior a 91,63 euros e para os efectos da dita facturación mensual, excluírase da escala de deducións a cantidade que, calculada en termos de prezo de venda ao público con IVE incluído, exceda o citado prezo de venda de laboratorio.

3. Quedarán excluídas das deducións previstas no número 1 aquelas oficinas de farmacia que para o ano 2007 e en media mensual tivesen unha facturación global suxeita a descontos que non supere os 33.282,09 euros.

4. Así mesmo, e para os casos excepcionais no contexto nacional das oficinas de farmacia de Ceuta e Melilla, aplicaranse os factores de redución sobre as cifras resultantes dos descontos do 17,55 por cento e do 18,74 por cento, respectivamente.

5. A dedución correspondente a cada mutualidade será a que resulte de aplicar a porcentaxe que representa cada unha das mutualidades na facturación mensual de cada oficina de farmacia, consideradas conxuntamente as tres mutualidades na dita facturación mensual.

6. Mantéñense os criterios de facturación provincial establecidos nos instrumentos de colaboración vixentes das mutualidades coa organización farmacéutica colexial, sen prexuízo do establecido neste real decreto e, de ser o caso, da súa actualización ou modificación concertada.

Artigo 2. *Actualización da escala.*

A escala a que se refire o número 1 do artigo 1 deste real decreto, así como os factores correctores establecidos nos números 3 e 4 do mesmo artigo actualizaranse de acordo co disposto para o Sistema Nacional de Saúde polo Real decreto 823/2008, do 16 de maio.

Disposición adicional única. *Mecanismos de aplicación e colaboración das mutualidades.*

Mediante resolución conxunta das tres mutualidades estableceranse os procedementos, prazos, medios e requirimentos técnicos precisos para realizar o seguimento da operativa prevista neste real decreto e efectuar os estudos correspondentes sobre os diferentes extremos que afecten o ámbito mutualista conxunto neste terreo.

Esa resolución aprobarase no prazo de 4 meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Prezos de facturación ás mutualidades.*

A facturación das receitas con cargo a fondos públicos dos réximes especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, do Instituto Social das Forzas Armadas e da Mutualidade Xeral Xudicial efectuarase a prezos antigos ata que transcorran seis meses desde o primeiro día do mes seguinte ao de entrada en vigor deste real decreto.

A facturación do mes correspondente ao primeiro día seguinte ao transcurso do prazo previsto no parágrafo anterior efectuarase cos prezos novos resultantes do establecido neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Guía para o cálculo da facturación conxunta e a dedución correspondente a cada mutualidade

O cálculo da facturación conxunta a que se refire o artigo 1.2 deste real decreto realizarase de acordo coas seguintes fórmulas:

Para cada oficina de farmacia:

Facturación conxunta: $F = \sum F_i$

$F_i = \sum$ (importe de medicamento dispensado con cargo a receitas da mutualidade i cuxo prezo de venda de laboratorio sexa menor ou igual a 91,63 euros).

A dedución correspondente a cada oficina de farmacia establécese a partir da táboa do artigo 1.1. Realízase identificando o primeiro valor inferior dun tramo por debaixo da facturación mensual: L_{inf} , que consta na primeira columna da táboa de referencia. A partir deste valor determínase a dedución mensual coa aplicación da seguinte fórmula:

$D_m = (F - L_{inf}) \times \text{porcentaxe aplicable}/100 + \text{dedución}$

A porcentaxe aplicable e a dedución son as correspondentes á mesma fila en que se encontre L_{inf} .

Para o caso de oficinas de farmacia situadas en Ceuta e Melilla a dedución correspondente será a resultante da aplicación da fórmula anterior modificada:

$D_{mCeuta} = (100 - 17,55)/100 * D_m$

$D_{mMelilla} = (100 - 18,74)/100 * D_m$

Para valores inferiores ao primeiro valor de L_{inf} a dedución aplicable é de 0 euros.

A dedución correspondente a cada mutualidade é a que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

D_i : dedución correspondente á mutualidade $i = (F_i/F) \times D$